



Concello de Xinzo de Limia

DECRETO DA ALCALDÍA

Visto o Real Decreto 463/2020, de 14 de marzo, polo que se declarou o “Estado de Alarma” para a xestión de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, que foi publicado no BOE n.º 67, de data 14/03/2020, polo que se declarou o “Estado de Alarma” en toda España durante 15 días naturais, que poderán prorrogarse se fose necesario, previa autorización por parte do Congreso dos Deputados.

Visto que a medida adoptouse para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo “COVID-19”, e que o Estado de Alarma comporta unha severa limitación nos desprazamentos e mobilidade das persoas en xeral.

Polo exposto, e dada a necesidade de coordinar as actuacións municipais para dar debido cumprimento ó citado Real Decreto, así como ás instrucións que en virtude do mesmo se ditén, esta Alcaldía de xeito URXENTE,

RESOLVE:

Primeiro.- Crear unha Comisión Municipal Especial de Seguimento das actuacións por mor do “Coronavirus – COVID-19”, a cal estará formada polas seguintes persoas:

- * Alcaldesa, ou persoa que a substitúa.**
- * Os voceiros dos distintos grupos municipais, ou persoas que as substitúan.**
- * O Inspector-Xefe da Policía Local, ou persoa que a substitúa.**
- * O Responsable do Grupo de Voluntarios de Protección Civil de Xinzo de Limia, ou persoa que o substitúa.**
- * Secretaria do Concello de Xinzo de Limia, ou persoa que a substitúa.**

Segundo.- Convocar dita Comisión, con carácter urxente, para o día 17/03/2020, ás 10.00 horas, no Salón de Plenos do Concello, para o inicio da súa actividade.

Terceiro.- Dar conta da presente resolución ó Pleno na vindeira sesión que celebre para a súa ratificación.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE

Concello de Xinzo de Limia

C/ Curros Enriquez, 15, Xinzo de Limia. 32630 (Ourense). Tfno. 988550111. Fax: 988550112



Cod. Validación: AGS5DXR3ZARDX3CMT7AM6QJKE | Corrección: <https://xinzodelimia.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1